



SERVICIO JSON CON DATOS MENSUAIS DAS ESTACIÓNS METEOROLÓXICAS

O documento que se presenta a continuación contén a descrición dos datos presentados polo arquivo en formato JSON para obter datos mensuais da rede das estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia a través da ligazón:

<https://servizos.meteogalicia.gal/mgrss/observacion/datosMensuaisEstacionsMeteo.action>

Para ver máis información sobre a rede de estacións meteorolóxicas, consulte o apartado da nosa web:

<https://www.meteogalicia.gal/observacion/rede/redelIndex.action>

Introdución ao formato JSON

O formato JSON ¹(JavaScript Object Notation - Notación de Objetos de JavaScript) é un formato lixeiro de intercambio de datos.

JSON está constituído por dúas estruturas:

- Unha colección de pares nome/valor.
- Unha lista ordenada de valores.

Estrutura do arquivo JSON

Este arquivo está formado por un único par de nome *listDatosMensuais* cuxo valor está formado por unha lista de elementos que identifican cada unha das estacións e aporta información sobre os datos diarios dispoñibles. Cada un destes elementos está formado polos seguintes par/valor:

data: data e hora UTC da lectura mostrada.

listaEstacions: lista de cada unha das estacións dispoñibles para esa data. Cada unha destas estacións está formada polos seguintes par/valor:

estacion: Nome da estación.

idEstacion: identificador numérico único da estación.

concello: nome do concello no que está ubicada a estación.

provincia: nome da provincia na que está ubicada a estación.

utmX: coordenada de lonxitude.

1 Para máis información sobre o formato JSON consulte: <http://www.json.org/json-es.html>



utmY: coordenada de latitude.

listaMedidas: lista de cada unha das medidas dispoñibles para cada estación. Cada unha destas medidas está formada polos seguintes par/valor:

codigoParametro: identificador único de cada medida, común a todas as estacións. Segue o formato: *abreviaturaParametro_funcion_altura*
A descrición de todos os códigos de parámetros pode consultarse en:
<https://www.meteogalicia.gal/observacion/rede/parametrosIndex.action>

nomeParametro: descrición do parámetro.

lnCodigoValidacion: código de validación do dato. Os valores posibles son:

Código Validación	Descrición
0	Dato sen validar
1	Dato válido orixinal
2	Dato sospeitoso
3	Dato erróneo
5	Dato válido interpolado
9	Dato non rexistrado

unidade: unidade na que se tomou a medida.

valor: valor numérico da medida.

Parámetros de consulta

Por defecto (sen parámetros) este servizo devolve a información do mes en curso para todas as estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia en servizo. A data de referencia para cada mes será sempre a do día 1.

- **Parámetro idEst**

Para consultar a información dunha ou varias estacións concretas, pode utilizar o parámetro *idEst*, ao que lle hai que engadir o identificador ou identificadores das estacións que desexe consultar. Se son varias, os identificadores teñen que ir separados por coma (,).

Os identificadores de todas as estacións meteorolóxicas en servizo de MeteoGalicia pode consualos:

* Nun servizo JSON:

<https://servizos.meteogalicia.gal/mgrss/observacion/listaEstacionsMeteo.action>



Para máis información sobre este servizo pode consultar o seguinte documento:
https://www.meteogalicia.gal/datosred/infoweb/meteo/docs/rss/JSON_listaEstacionsMeteo_gl.pdf

* Nunha páxina web:

<https://www.meteogalicia.gal/observacion/rede/redelIndex.action>

Exemplos:

Por exemplo, a estación Santiago-EOAS ten o identificador numérico 10124, polo que a consulta que devolvería os seus datos do mes en curso sería:

<https://servizos.meteogalicia.gal/mgrss/observacion/datosMensuaisEstacionsMeteo.action?idEst=10124>

No caso de varios identificadores, a consulta sería:

<https://servizos.meteogalicia.gal/mgrss/observacion/datosMensuaisEstacionsMeteo.action?idEst=10124,10050>

- **Parámetro idParam**

Para consultar a información dun ou varios parámetros concretos, pode utilizar o parámetro idParam, ao que lle hai que engadir o identificador ou identificadores dos parámetros que desexe consultar. Se son varios, os identificadores teñen que ir separados por coma (,).

Os identificadores de todos os parámetros dispoñibles na rede de estacións meteorolóxicas de Meteogalicia pode consultarlos na seguinte páxina web, na listaxe "mensual":

<https://www.meteogalicia.gal/observacion/rede/parametrosIndex.action>

Exemplos:

Por exemplo, a precipitación a 1.5m ten o código de parámetro *PP_SUM_1.5m*, polo que a consulta sería:

https://servizos.meteogalicia.es/mgrss/observacion/datosMensuaisEstacionsMeteo.action?idParam=PP_SUM_1.5m

No caso de varios identificadores, la consulta sería:

https://servizos.meteogalicia.gal/mgrss/observacion/datosMensuaisEstacionsMeteo.action?idParam=PP_SUM_1.5m,TA_AVG_1.5m



- **Parámetros dataIni e data Fin**
Para consultar a información dun período concreto, pode utilizar os parámetros dataIni e dataFin, expresando a data en formato dd/MM/yyyy.

Exemplo:

<https://servizos.meteogalicia.gal/mgrss/observacion/datosMensuaisEstacionsMeteo.action?dataIni=03/02/2018&dataFin=06/05/2018>

- **Combinación dos parámetros idEst e idParam**

Exemplo:

https://servizos.meteogalicia.gal/mgrss/observacion/datosMensuaisEstacionsMeteo.action?idParam=PP_SUM_1.5m,TA_AVG_1.5m&idEst=10124